

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E O CONCELLO DE MONTERREI PARA O FINANCIAMENTO DA REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

Dunha parte Ánxeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94 do 16 de maio), no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, José Luís Suárez Martínez, alcalde-presidente do concello de Monterrei, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

EXPOÑEN

I.- Con data de 11 de febreiro de 2008, o Director xeral de Urbanismo, por delegación da Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, segundo o establecido na Disposición adicional 1ª da Orde do 28 de decembro de 2007, pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico, durante o ano 2008. (DOG núm. 8 do 11 de xaneiro de 2008), ditou unha resolución pola que se lle concedeu ao concello de Monterrei unha axuda de cento vinte e nove mil cincocentos catro euros (129.504,00 €), equivalente ao 100% do custo de redacción do plan xeral de ordenación municipal.

II.- O día 19 de febreiro de 2014 publicouse no Diario Oficial de Galicia a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do concello de Monterrei, que se anulou pola sentenza núm. 2577/2016, do 12 de decembro, da Sala 3ª do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, e, en consecuencia, o propio plan vese anulado, por considerar que no momento da aprobación non estaba totalmente acreditada a dispoñibilidade xurídica dos recursos hídricos precisos para o abastecemento de auga do Concello.

Dende a publicación da sentenza o urbanismo no concello de Monterrei volta a rexerse pola que foi a última normativa urbanística e vixente: as normas subsidiarias de planeamento do concello, aprobadas o 27 de setembro de 1989. Por este motivo, o novo instrumento de planeamento deberá adaptarse ao disposto na actual Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, na Lei 1/2019, do 21 de abril, de rehabilitación, de rexeneración e renovación urbanas, na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, e no Real decreto legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o



texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana. Isto fai que sexa preciso iniciar o procedemento para a aprobación dun plan xeral para o municipio.

A finalidade da colaboración constitúe, deste xeito, unha razón de interese público que lle confire un carácter excepcional á axuda, obxecto do convenio. En consecuencia, consonte co artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública. Isto xustifica, polo seu carácter de excepcionalidade, o procedemento de concesión directa por serlle de aplicación o establecido no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no 36.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei de subvencións de Galicia.

III.- A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ten atribuídas competencias específicas en materia de urbanismo que exerce a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, ao abeiro do disposto no artigo 13 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo (DOG núm. 79 do 25 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, entre as que se atopan, a tramitación administrativa dos instrumentos de planeamento urbanístico e o apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico e a súa xestión e execución. Así mesmo, correspóndelle a asistencia e coordinación aos concellos en relación cos expedientes das subvencións que, en materia de planeamento, se tramiten na consellería. En consecuencia, as ordes reguladoras de axudas para a redacción dos instrumentos de ordenación municipal, contemplan a colaboración económica cos concellos cuxo plan xeral estea suspendido ou con acordo de inicio de suspensión ditado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, así como os que, estando en vigor, resultasen anulados en virtude de sentenza xudicial.

Por todo isto, é preciso iniciar o procedemento para a aprobación dun plan xeral de ordenación para o municipio.

III.- A consellería considera axeitado colaborar na redacción do PXOM do concello de Monterrei e para iso contribuirá cunha achega económica de cento vinte e nove mil cincocentos catro euros (129.504,00 €), equivalente ao 100% do custo de redacción do PXOM.

A dita achega, ten que realizarse a través do concello de Monterrei, xa que esta institución é a mais axeitada para o cumprimento dos obxectivos previstos. Por outra banda, nos orzamentos existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da actuación.

IV.- Consideran os asinantes que o proceso de formulación do PXOM debe realizarse coordinadamente entre ambas as dúas Administracións, a través da colaboración na elaboración do instrumento de planeamento e da coordinación no exercicio das súas



competencias respectivas, considerando as singulares circunstancias que, por motivos legais, concorren na redacción e tramitación do documento, ao tratarse dun procedemento especialmente complexo.

Polo exposto, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no exercicio das súas competencias, e o concello de Monterrei, no exercicio das que lle atribúe a súa lexislación específica, manifestan a súa vontade de formalizar unha colaboración, para abordar a elaboración do plan xeral de ordenación municipal, a través dun convenio que se estrutura nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Monterrei para a redacción Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), cun orzamento total de cento vinte e nove mil cincocentos catro euros (129.504,00 €), equivalente ao 100% do custo de redacción do PXOM.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, asume os seguintes compromisos:

1.- Contribuír o financiamento, das actuacións descritas na cláusula primeira, cunha achega de como máximo de cento vinte e nove mil cincocentos catro euros (129.504,00 €), equivalente ao 100% do custo de redacción do PXOM, con cargo a aplicación orzamentaria 08.04.521A.760.0-proxecto 2015 00253- dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, distribuídas nas seguintes anualidades:

Anualidade de 2022	25.900,80 €
Anualidade de 2023	25.900,80 €
Anualidade de 2024	25.900,80 €
Anualidade de 2025	51.801,60 €

Os aboamentos da achega da axuda efectuarase do seguinte xeito:

1. 25.900,80 euros, logo da sinatura do contrato.
2. 25.900,80 euros, logo da entregado borrador do plan e do documento inicial estratéxico para a tramitación da avaliación ambiental estratéxica.
3. 25.900,80 euros, logo de certificada a aprobación inicial do plan polo órgano municipal competente, así como a inserción dos anuncios de exposición pública.
4. 51.801,60 euros, que se dividirán en dous pagamentos:



- 25.900,80 euros, logo de certificada a aprobación provisoria do plan polo órgano municipal competente .
- 25.900,80 euros, logo da aprobación definitiva do plan pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

O cumprimento das fases anteriormente indicadas, acreditarase conforme ao establecido no apartado seis da cláusula terceira, coa especificidade da anualidade 2022, que ten a consideración de anticipo.

Esta achega, de acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, declárase compatible, no seu caso, con outras achegas, axudas ou subvencións que a entidade beneficiaria destine á execución das actuacións que se describen na cláusula primeira. Non obstante, a suma total de todas elas non poderá superar o 100% do orzamento total que require a actuación. Neste caso, a axuda establecida neste convenio reducirase ata acadar o cumprimento establecido anteriormente.

2.- A Consellería asumirá, ata o límite establecido no apartado 1 desta cláusula, o custo da redacción do PXOM, unha vez que polo concello se presenten as correspondentes certificacións de execucións dos traballos, segundo as fases establecidas no prego de cláusulas administrativas polo que se rexa o correspondente contrato de servizos para a redacción do PXOM subscrito polo concello de Monterrei. Os aboamentos parciais e anticipados que, no seu caso, se efectúen, non superarán o 80% da porcentaxe subvencionable, nin excederán da anualidade correspondente ao exercicio orzamentario.

3.- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, resérvase o dereito de inspeccionar a execución dos traballos en calquera momento, durante a súa execución.

4.- Nomear, se fora o caso, de entre os seus funcionarios, a un grupo de traballo que dedicará unha especial atención ó desenvolvemento das actuacións establecidas neste convenio para a eficaz culminación da finalidade do mesmo.

5.- Para os efectos do previsto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autorízase ao concello de Monterrei, beneficiario da subvención, para que subcontrate ata o 100% do importe dos traballos necesarios para a redacción do instrumento de planeamento obxecto do presente convenio. Tal autorización considérase concedida sen prexuízo, se é o caso, do cumprimento das previsións que establecen os números 3º e seguintes do devandito artigo 27.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DO CONCELLO DE MONTERREI

O concello de Monterrei asume as seguintes obrigas:

1.- Efectuar a aprobación inicial do documento do PXOM e realizar posteriormente, a



súa entrega na Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

2.- De ser o caso, unha vez aprobado definitivamente o PXOM entregárase na Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo un texto do documento refundido debidamente cotexado.

3.- Facilitarlle o acceso a todo tipo de información, que teña relación co obxecto do presente acordo, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

4.- Así mesmo, o concello de Monterrei asume a obriga de financiar a súa conta exclusiva, se fora o caso, os posibles modificados do contrato, contratos complementarios, liquidacións e/ou revisións de prezos que se puideran producir. Logo da adxudicación dos contratos que se celebren, para a execución das actuacións necesarias para a o cumprimento do obxecto do presente convenio, as baixas que, de selo caso, resulten aplicaranse na proporcionalidade das achegas de cada unha das administracións que interveñen, dentro do límite orzamentario establecido na cláusula primeira.

5.- Para os efectos do previsto no artigo 30.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pola que se outorgue a aprobación definitiva do PXOM e a posterior entrega na Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo dun exemplar do documento aprobado debidamente dilixenciado, será requisito suficiente como xustificación plena de execución dos traballos obxecto da axuda.

6.- Realizar ante a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a correspondente rendición da conta xustificativa do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos da axuda, presentando para isto a seguinte documentación:

(i) Copia compulsada dos xustificantes de gasto, certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento da finalidade da subvención. En relación co contido do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG de 25 de xuño de 2007) exceptúase para o presente acordo a consideración como gasto realizado do gasto efectivamente pagado. A estes efectos, terase en conta que se considera gasto realizado, o que foi efectivamente certificado pola intervención ou polo órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención (art. 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia). Así mesmo, a entidade local beneficiaria deberá acreditar, dentro do prazo dun (1) mes contado a partir da data de recepción dos fondos da axuda, ante a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o pagamento dos fondos ao/s contratista/s que executaron os servizos obxecto do presente acordo.

Respecto da achega correspondente ao ano 2022, que terá a consideración de anticipo, unha vez adxudicados os traballos de redacción, será de aplicación o disposto no artigo 3, apartado 2 do Decreto 193/2011 do 6 de outubro, polo que se regulan



especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, segundo o cal “no caso de realizarse pagamentos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención”.

A tales efectos, enténdese que o período de xustificación da anualidade de 2022 finaliza o día 15 de decembro do ano 2022.

(ii) Certificación ou acto de aprobación/conformidade do órgano municipal que corresponda; e declaración, de ser o caso, sobre a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

A data límite de presentación da referida documentación de xustificación do gasto nas dependencias citadas, establécese no día 15 de decembro de cada unha das anualidades establecidas no presente convenio.

7.- Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

8.- Comunicarlle a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, á modificación das condicións establecidas neste convenio.

9.- Reintegrarlle á Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, a cantidade total ou parcial da axuda establecida neste convenio, e os xuros de demora que no seu caso correspondan dende o momento do seu pagamento, para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

10.- Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, todas as obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.

11.- A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. De acordo co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007 e no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, polo que se aproba o seu regulamento, a achega económica será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

12.- O concello de Monterrei presta expresamente o seu consentimento para que se lle de, ao presente convenio, a publicidade que establecen os apartados 1 e 2 do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na forma establecida, e nos rexistros públicos regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, rexistros creados



polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 21 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. Polo tanto, o convenio será obxecto de publicación na páxina web oficial con expresión da contía e a súa finalidade, de acordo co disposto na citada normativa.

13.- Nomear, se fose o caso, de entre os seus funcionarios, a un grupo de traballo que dedicará unha especial atención ó desenvolvemento e seguimento das actuacións establecidas neste convenio mailo seguimento dos prazos estipulados no correspondente contrato de execución.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE XESTIÓN

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo financiará as actuacións ata un máximo de cento vinte e nove mil cincocentos catro euros (129.504,00 €), equivalente ao 100% do investimento previsto, que fará efectivos mediante transferencia bancaria ao concello de Monterrei, contra a presentación por este das certificacións dos traballos executados, segundo as fases previstas no convenio. Non obstante, poderán efectuarse aboamentos parciais e anticipados ata o 80% da porcentaxe subvencionada, logo da presentación das correspondentes xustificacións e o cumprimento dos requisitos definidos nos puntos (i) e (ii) do apartado 6 da cláusula terceira.

Unha vez rematados os traballos obxecto do acordo, por parte do concello deberá ser xustificado o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos, na forma establecida nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007. A referida xustificación consistirá, entre outras, na certificación da intervención, ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, acreditando o cumprimento da finalidade para que foi outorgada.

Así mesmo, deberá presentarse un certificado expedido pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativo a aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, segundo o previsto no artigo 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

De conformidade co disposto no apartado 6 do artigo 28 da Lei 9/2007, se a actividade se financiara ademais de coa presente subvención con fondos propios, ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O incumprimento desta xustificación, ou a súa insuficiencia, implicará o reintegro desta axuda, nos termos fixados no artigo 33 da Lei 9/2007.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo limitará, en todo caso, a súa achega económica aos límites pactados no presente convenio, polo que non asumirá os aumentos que se



puideran producir.

QUINTA.- RELACIÓN LABORAL ENTRE AS PARTES

A subscripción do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste. En consecuencia, o concello asumirá a posición de empresario ou contratante verbo de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón verbo destes.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o impulso, seguimento e interpretación das accións establecidas no presente convenio crease unha comisión, que propoñerá ás partes a resolución das controversias que resulten respecto da súa execución, integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes do presente documento. Pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda formarán parte da mesma, as persoas que ocupen a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ou persoa en quen delegue, e a Subdirección Xeral de Urbanismo. Polo concello de Monterrei a comisión integrarana a persoa que ocupe a alcaldía ou persoa en quen delegue, e o concelleiro/a responsable da área de urbanismo.

SÉTIMA.- OBRIGAS TRIBUTARIAS E DE ORDE SOCIAL

En aplicación do establecido no artigo 11 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade local aportará, con carácter previo á sinatura do presente acordo e tamén, xunto coa documentación xustificativa que dea lugar aos pagamentos previstos na cláusula segunda, a oportuna declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, en virtude do disposto no artigo 4 do Decreto 193/2011 do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión de subvencións que as entidades locais cumprisen o deber de remisión ao Consello de contas das contas xerais de cada exercicio.

OITAVA.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto



de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149 do 3 de agosto).

NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que ambas as partes acorden unánimemente unha prórroga por un período máximo de 4 anos adicionais en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015.

DÉCIMO PRIMEIRA.- NATUREZA, LEXISLACIÓN APLICABLE, INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTO

1. Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, correspondéndolle en último término a resolución das cuestións que poidan xurdir sobre a súa interpretación, execución e cumprimento á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contencioso-administrativa.
2. Para o non previsto no presente convenio, resultará de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xuño, e o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
3. O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente de resolución do mesmo.

Este convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbalas dúas partes ao acordado en todas as estipulacións.



E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, e obrigando con iso ás Administracións que representan, asinan dixitalmente o presente acordo na data sinalada.

Pola Xunta de Galicia,
A conselleira de Medio Ambiente, Territorio
e Vivenda

Polo concello de Monterrei
O alcalde-presidente

Ängeles Vázquez Mejuto

José Luis Suárez Martínez

